

# Informativo Ridimoas 2019

Boletín da Asociación Cultural Ecológica Ridimoas, fundada en 1988 no local Aula Verde do Centro de Ensinanzas Integradas de Ourense.

## O MÁIS SALIENTABLE

Do resumo de actuacións referentes ó ano 2019, temos que salientar o esforzo económico realizado na merca de parcelas e na restauración do tellado do muíño da Barbaña, seguido dos labores de silvicultura centrados na eliminación de mimosas (*Acacia dealbata*) e doutras especies vexetais alóctonas en beneficio de carballos (*Quercus robur*), cerquiños (*Quercus pyrenaica*), sobreiras (*Quercus suber*) e acivros (*Ilex aquifolium*) principalmente. O aumento de socias/os é outra realidade que convén salientar, pois as cotas anuais son as que marcan diferencia entre a conservación real do bosque ou a frustración da impotencia. Tamén merecen mención o acondicionamento dun novo hábitat de anfibios na parte media do bosque e o manexo axeitado do mato, con rozas manuais, o que ampliou as posibilidades de alimentación de insectívoros e a área de campeo de coellos bravos (*Oryctolagus cuniculus*). A mellora de lugares de cría de réptiles e a apertura dalgúns claros nas beiras do regato de Caldelas, permitiuños facer un seguimento máis cómodo da poboación destes animais e agasoulounos coa observación dunha corpulenta femia de *Lacerta schreiberi*. Fóra do bosque invertimos cartos, tempo e enerxías na conservación do sapoconcho europeo, no curso baixo do río Avia, a 2 km de distancia en liña recta, ó sueste de Ridimoas.



Sapoconcho europeo (*Emys orbicularis*) do areal de San Cristovo. En Galicia as súas poboacións naturais restrinxense aos ríos Louro (Pontevedra), Arnoia e Avia (Ourense), complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (A Coruña).  
Foto: Mani Moretón. Data: 14 de xullo de 2019.

## DÚAS ESPECIES BASTANTE PARECIDAS

Os sapoconchos son réptiles que conforman a familia *Emydidae* dentro da orde dos quelonios. No areal de San Cristovo habitan dúas especies autóctonas da península Ibérica: o sapoconcho europeo (*Emys orbicularis*) e o sapoconcho mediterráneo (*Mauremys leprosa*). O primeiro está en perigo de extinción e o segundo mantén poboacións considerables, nos hábitats específicos da rexión mediterránea ibérica. Algúns investigadores consideran que *Mauremys Leprusa* foi introducido en Galicia e, por tanto, non sería autóctono da nosa terra, pero este suposto aínda non está claro.

Entre as dúas especies, bastante parecidas, existen algunas diferencias. Así, o sapoconcho europeo presenta, sobre fondo verdoso, manchas riscadas de cor amarela no espaldar, cabeza, pescozo e patas, con plastrón bastante flexible. Pola súa parte, o sapoconcho mediterráneo é menos escuro có anterior, en xeral de ton pardo con marcas alaranxadas no pescozo, con plastrón ríxido e quilla central no espaldar, ben patente nos individuos novos e vestixial na parte posterior dos adultos. Nas dúas especies as tallas poden alcanzar ós 20 cm, cun peso dun quilo para o primeiro e ata dous quilos para o segundo, que pode chegar a ser moito maior. Tanto un coma o outro son moi lonxevos, podendo vivir 100 anos ou máis.

Ambas especies aliméntanse de invertebrados, como miñocas, anfibios pequenos, carroña (especialmente peixes mortos) e algúns vexetais. A cabeza sumerxida na auga, facilítalles a inxestión de alimentos. Cando teñen que despedazar presas grandes, axúdanse das patas dianteiras, que empurran a comida para fóra mentres agarren coa boca.

O vicepresidente: David Rodríguez.

**Presidente:** Pablo Rodríguez Fernández.

**Vicepresidente:** David Rodríguez Barra.

**Tesoureira:** María Carmen Rey Novoa.

**Secretaria:** Paula Rodríguez Domínguez.

**Vogais:** Xusto Veloso Moreda, Concepción Domínguez Domínguez, Bernardo Louzao Campos e Juan Antonio Santamaría Rodríguez.

## XUNTA DIRECTIVA

## PARCELAS MERCADAS EN 2019

Paraxe	Superficie m <sup>2</sup>	Prezo €
Sanxegada	4.629	3.600
Carreiro do Muíño	1.271	3.500
Valdasmo	995	995
Freixa	831	831
Barbaña	462	462
Ridimoas	315	315
Total: 6	8.503	9.703

A de Sanxegada e Freixa corresponden ás parcelas 121 e 137 do polígono 5 e nelas predominan os carballos (*Quercus robur*) igual cá 102 de Ridimoas no polígono 8. A do Carreiro do Muíño e Barbaña forman parte do bosque de Ribeira do regato de Caldelas e son a 298 e 167 do polígono 3, onde predominan salgueiros (*Salix atrocinerea*) e amieiros (*Alnus glutinosa*); mentres que a do Valdasmo, no polígono 12, parcela 328, é unha estreita franxa que se abre nun claro do bosque despois da eliminación de mimosas (*Acacia dealbata*) e nela existen dous grandes penedos graníticos.

## MEMORIA ECONÓMICA

### Ingresos:

Cotas socias/os .....	13.053,86 €
Donativos visita bosque .....	3.517,00 €
Remanente ano anterior.....	1.493,37 €
Subvención Deputación Ourense.....	489,10 €
Banda Deseñada, Colección Tiraliñas.....	193,33 €

**Total .....** 18.746,66 €

### Gastos:

Merca de parcelas.....	9.703,00 €
Tellado muíño.....	4.682,00 €
Silvicultura.....	881,60 €
Banco: comisións, IVE, mantemento.....	551,38 €
Secretaría e web.....	500,00 €
Perito e contribución casa.....	401,49 €
Correos.....	206,68 €
Devolución recibos.....	187,64 €
Seguro egua, ferrador e alimentación.....	168,12 €

**Total .....** 17.281,91 €

**INGRESOS: ..... 18.746,66 €**  
**GASTOS: ..... 17.281,91 €**  
**Saldo 31/12/2019..... 1.464,75 €**

## NOVAS SOCIAS/OS

Altas: 75

Adolfo Cordero Rivera  
 Adrián González García  
 Ainhoa Viñuela Don  
 Alba Mato Domínguez  
 Alba Rodríguez Bernárdez  
 Alejandro Rodríguez Canosa  
 Alfonso Blasco García  
 Ana Vázquez Fernández  
 Ángel Montero Campos  
 Ángel Quintas Quintas  
 Antonia De Valentín  
 Fernández  
 Antonio Martínez Carballal  
 Araceli Pazó Domínguez  
 Arume Labs  
 Berta Ramos Silva  
 Bettina Piñeiro Fernández  
 Carlos Martínez Feijoo  
 Carlos Oreiro Rey  
 Celso Lorenzo Hermida  
 Comba Penas Prol  
 Cristina Ferreirós Sánchez-Guisande  
 Diego Rodríguez Miguélez  
 Elena Peaguda Domínguez  
 Félix Lorenzo De Dios  
 Fernando Marta Sevilla  
 Henar López Calabor  
 Ignacio Amando González  
 Torres  
 Inmaculada Vázquez Barros  
 Iria Silva Carballal  
 Irma Fitó Egea  
 Iván García Ardao  
 Javier Lago Palacios  
 Javier Paz Lema  
 Javier Valverde Alonso  
 José Alfonso Mato Domínguez  
 José Antonio García Rodríguez  
 Juan Carlos González Alonso  
 Juanjo Lorenzo Veigas  
 Julia Pérez Graña  
 Laura Varea Cascallar  
 Leticia Lago Álvarez  
 Lía Blasco López  
 Manuel Martínez Rodríguez  
 Marco Candia Durán  
 Marcos Alcaine Soto  
 Marcos Pérez López  
 María Consuelo Puga Fernández  
 María del Pilar Laguna González  
 María Digna Mato Domínguez  
 María Esther Troncoso Blanco  
 María José Mandado González  
 María Paz Derri Alcántara  
 María Teresa Quintas Iglesias  
 Mariña Palas Rodríguez  
 Marisé Barreiro Abal  
 Mateo Quintas Peaguda  
 Miguel Ángel Silva César  
 Natividade Borrajo Pazos  
 Noa Fontán Puga  
 Nuria Núñez Rolán  
 Nuria Sánchez Álvarez  
 Óscar Lapido Fernández  
 Pablo Carballo Cancela  
 Pablo Pérez Fernández  
 Paula Caballero Rodríguez  
 Paula González Fernández  
 Pedro De Luxán Vera  
 Rafael Otero González  
 Ricardo Pérez González  
 Roberto Gómez Carballal  
 Roberto Xusto Caneda Ferreiro  
 Susana Alvor Arias  
 Vega Vázquez Otero  
 Vicente Fernández López  
 Xulio López Pérez

Baiñas: 8

Causas de baiñas:

- A petición propia: 1
- Por defunción: 2
- Por non actualizar datos: 5

Totais a 31/12/2019 ..... **Socias/os: 1.128**

É vital para Ridimoas que a ficha persoal, coa domiciliación bancaria estea sempre actualizada, tanto para recibir información como para pagar a cota anual. A mellor maneira de actualizar datos é cubrindo unha ficha na nosa web:[www.ridimoas.com](http://www.ridimoas.com).

E para os que queiran ingresar a cota directamente, o noso código IBAN é:

**ES05 2080 5332 8330 4002 0684** Abanca, sucursal de Ribadavia. Rúa Progreso, 46; 32400 Ribadavia (Ourense).

*Grazas por colaborar!*

## CONVOCATORIA: ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Cumprindo co artigo 18 dos estatutos, convocámose á Asemblea Xeral Ordinaria que se celebrará o vindeiro día **29 de marzo de 2020** (domingo) no IES O Ribeiro de Ribadavia (Ourense) ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12 horas en segunda convocatoria, e na que trataremos os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea Xeral Ordinaria do ano anterior.
- 2.- Informe sobre o estado do bosque Ridimoas e dos traballos realizados durante o ano 2019.
- 3.- Informe económico.
- 4.- Actividades para o ano 2020.
- 5.- Rogos e preguntas.

## CONVOCATORIA: ASEMBLEA EXTRAORDINARIA

Celebrarase ó remate da anterior, co seguinte punto da orde do día:

- 1.- Nomeamento da Xunta Directiva para o período comprendido entre marzo de 2020 e marzo de 2024.
- Artigos 16b, 19 e 24 dos Estatutos.

## ACTIVIDADES PARA O RESTO DO DÍA

No IES O Ribeiro poderase visitar a exposición permanente de Historia Natural, estarán á venda a 5€, cada un dos cadernos da colección Tiraliñas: Pepiño o Arrieiro, Viaxe ás cegoñas e Bosque Ridimoas Visita guiada; o recadado ingresarase como donativo na conta de Ridimoas para ser invertido na mellora de hábitats do bosque. Tamén se poderá adquirir por 7€ mel das abellas do socio Celso Gómez.

### XANTAR:

Ás 14 horas xantaremos no restaurante Garden Lodge (antigo Evencio). Será un bo cocido, viño do Ribeiro, postre e café, por un custo de 15€/persoa. Pregamos ás socias/os que decidan vir xantar connosco (poden vir acompañadas por amizades e familiares), avisen ata o 25 de marzo, mércores, empregando o noso correo electrónico [asociacion@ridimoas.com](mailto:asociacion@ridimoas.com) ou chamando ó teléfono 988 48 00 62. Se alguén quere un menú especial debe chamar ó restaurante: teléfonos 619 64 13 37 e 988 47 71 69. En tódolos casos haberá que indicar que é pola comida de Ridimoas e número de comensais.

Despois do xantar faremos unha andaina dun quilómetro e medio á beira do río Avia, en dirección nordés, ata o hábitat do sapoconcho europeo.

Recomendamos calzado impermeable.




Sendeiro á beira do río Avia á entrada do territorio do sapoconcho.  
Foto: Rocío Estévez. Data: 15 de xullo de 2019.

## NOVA FAUNA DO RIBEIRO

### Couza dos buxos (*Cydalima perspectalis*).

Avelaíña duns 4 cm de envergadura, orixinaria do leste de Asia, presente en Galicia desde 2014. A femia pon entre 5 e 20 ovos no envés das follas dos buxos que servirán de alimento a voraces eirugas; estas, de cor verde, medrarán ata 32 mm de longo e poden matar á planta nutricia, xa que tamén comen a codia do arbusto; deste xeito, nos dous últimos anos, levan acabado con moitas sebes e pés arbustivos de buxos do Ribeiro. A eiruga pode descolgarse por un fío ata o chan e, antes de crislidar, protéxese cun entramado de seda.




Debuxo de Oitabén

## NOTAS DE CAMPO

Textos e debuxos do natural de Oitabén.

### Lavandeira branca (*Motacilla alba*)

Elegante paxariño insectívoro do medio agrícola e urbano que, ocasionalmente, se achega ás inmediacións do noso bosque en Beade, cando visita algunha horta do barrio da Presa. Igual que está a pasar con outros paxaros do medio agrícola, a lavandeira branca está en declive. A ilustración foi realizada a partir dun espécime disecado que se conserva no museo de Ridimoas. Esta lavandeira branca fora anelada o día 16 de xullo de 1983 en Blaenavon (Gales): 51° 47'N, 3° 7'W e recollida morta o día 4 de decembro do mesmo ano, en Seixalbo (Ourense): 12° 20'N, 7° 52'W; despois de percorrer 1.109 km. en 141 días. A lavandeira branca en Galicia é sedentaria e normalmente fai dúas postas anuais, podendo chegar a tres en circunstancias favorables.



### Avoadiña (*Erigeron sumatrensis*)

Esta planta anual, bianual ou de máis duración, orixinaria de Suramérica, chegou a España desde Francia a principios do século XX. Presenta un talo ríxido semileñoso de abundante pilosidade que con frecuencia supera o metro e medio de altura. As flores compostas, de tipo capítulo, de cor amarela verdosa, aparecen de xullo a outubro. Na ilustración, dentro do recadro, vese unha flor aberta de 13 mm de diámetro e, nela, aparecen como fíos brancos, os vilanos dos diminutos froitos que se desprenden co vento, diseminando a especie por todas partes, de aí o seu nome. Temos visto algúns paxariños alimentándose destes minúsculos froitos. En Ridimoas colonizou de forma densa, a parcela 164 do polígono 5, na paraxe do Valdasmo, despois da retirada de cepas da viña.



### Rato auganeiro (*Galemys pyrenaicus*)

Adaptado á vida acuática dos tramos fluviais de augas osixenadas, este micromamífero da familia *Talpidae* foi abundante no regato de Caldelas, ao paso polo bosque Ridimoas, ata finais do século XX. Na actualidade escasea debido á contaminación da auga por verterduras agrícolas, gandeiras e urbanas orixinadas na cabeceira do regato. A última observación desta especie, no bosque Ridimoas, foi en agosto de 2010 nas proximidades do muíño da Barbaña. Os datos do individuo da ilustración, atopado morto no ano 2003, foron: peso, 78 g; sexo, macho; longo total, 24.5 cm; rabo, 13.3 cm; trompa, 3 cm; pata dianteira, 1,5 cm e pata traseira, 4 cm. O rato auganeiro consume diariamente case o seu peso en organismos acuáticos: larvas, insectos, crustáceos e peixiños. Os machos entran en celo en decembro e as femias en xaneiro. As crías, 4 de media, nacen por marzo.



## FAUNA QUE FOI DA CONTORNA DE RIDIMOAS E QUE XA DESAPARECEU OU É MOI RARA

### Chasco común (*Saxicola torquata*) Tarabilla común

Texto de Pablo Oitabén.  
Fotos de Pedro Holgado.

Paxariño duns 13 cm de longo total, da familia *Turdidae*, con dimorfismo sexual ben aparente. O macho diferénciase da femia, principalmente na época estival, por ter a cabeza totalmente negra, laterais do pESCOZO, mancha alar e ventre brancos e peito ocre alaranxado; mentres que a femia é de tons más apagados, con predominio de ocres acastañados, destacando pouco as manchas abrancazadas. Os inmaturos son parecidos á femia, pero teñen a gorxa e a risca supraocular de cor cinxenta. O seu nome fai alusión á súa voz más coñecida: chasc, chasc!

#### Status anterior

A mediados do século XX o chasco era especie común no Ribeiro de Avia, aínda que sobre el pesaba unha lenda que o acusaba de enganar a Xesucristo. Segundo a tradición oral, Xesucristo preguntáralle ó chasco se ía ben por un camiño e o chasco contestáralle: -Chasc, chasc! Por aí ben vas -a sabendas de que o camiño era perigoso e había moitas posibilidades de caer ó río e afogar; -pero o pisco (*Erythacus rubecula*) interveu e dixo: - pis, pis! Por aí non ir - salvándolle a vida e indicándolle a ruta segura. -Tan arraigada estaba a lenda e tan créedula era algúna xente que, poladas enteiras de chascos foron mortas en represalia á suposta maldade do paxariño. Pola contra, o pisco, era respectado e, cariñosamente, chamábanlle pisquiño.

En Portugal, Miguel Pimenta e M<sup>a</sup> Lourdes Satarém, en 1996, citan ó chasco común como unha das especies más frecuentes do Parque Nacional da Peneda-Gêres; igual ca Penas Patiño, na Guía das Aves de Galicia (2004) que o califica como moi común e sedentario. Sen embargo, a SEO/BirdLife, nos censos realizados en España entre 1998 e 2009, xa apreciaba declive na poboación desta ave.

#### Derradeira observación

Actualmente o chasco desapareceu da contorna de Ridimoas e das terras baixas do Ribeiro de Avia. A última observación da especie, próxima ó noso espazo forestal, é do mes de xuño de 2012, cando pudemos confirmar a súa reproducción no alto do Coto de Novelle, fronte a Ribadavia, a 700 m de altitude.

#### Possibles causas do seu declive

O chasco instala o niño no chan. Isto faino moi vulnerable a predadores terrestres. Por outro lado ó estar asociado, en moitas partes, ó medio agrícola, fixo que a agricultura mecanizada coa proliferación de produtos fitosanitarios, contaminaran o seu hábitat e o das presas das que se alimentaba. A todo o anterior hai que sumar a invasión de mimosas que cambiaron a fisonomía de territorios tradicionais deste paxariño. Por último, algunas construcións e obras públicas ocuparon hábitats de cría e campeo da especie no Ribeiro de Avia.



Chasco común, femia.



Chasco común, macho.

## DATOS METEOROLÓXICOS

2019	Precipitación l/m²	Días chuvia	Acidez (pH)		Nube dominante	Temperatura (ºC)	
			Máxima	Mínima		Máxima	Mínima
Xaneiro	79,9	5	5,0	5,3	Estratocúmulos	15,5	-7,5
Febreiro	32,9	3	5,3	5,3	Altoestratos	27,0	-2,5
Marzo	91,7	5	4,9	5,6	Estratocúmulos	28,0	-2,0
Abril	143,0	11	5,0	7,1	Nimboestratos	28,0	-1,0
Maio	16,3	3	6,8	6,9	Cúmulos	40,0	3,0
Xuño	34,1	5	5,4	5,9	Estratocúmulos	41,0	6,0
Xullo	13,0	3	5,6	5,6	Cúmulos	37,0	9,5
Agosto	17,0	3	5,3	6,2	Cúmulos	36,5	8,2
Setembro	19,7	4	5,3	6,3	Estratocúmulos	35,0	8,0
Outubro	131,5	6	5,0	5,4	Nimboestratos	28,0	4,2
Novembro	204,7	20	4,8	5,6	Nimboestratos	19,0	1,0
Decembro	250,0	11	4,7	5,7	Nimboestratos	17,0	-3,0
TOTAIS	1.033,8	79	Máxima absoluta 4,7	Mínima absoluta 6,9	Estratocúmulos - Nimboestratos	Máx. absoluta 41,0	Mín. absoluta -7,5
						Media: 14,40	

## RESUMO DE NOTAS FENOLÓXICAS

Observamos - Escoitamos:	Data Día - Mes	Temperatura (ºC)		Geo	Vento
		Máxima	Mínima		
1ª <i>Ciconia ciconia</i>	6 – I	9,0	-7,5	Despexado	NE
1º <i>Narcissus bulbocodium</i>	24 – II	25,0	3,0	Fragmentado	NE
<i>Malpolon Monspessulanus</i>	22 – III	22,5	1,0	Sen nubes	E
1º <i>Apus apus</i>	16 – IV	22,0	4,0	Fragmentado	NE
<i>Cydalima perspectalis</i>	7 – V	19,0	13,8	Cuberto	SE
Larvas grandes de píntega	18 – VI	20,5	12,0	Cuberto	SE
<i>Lacerta schreiberi</i>	3 – VII	32,2	16,0	Fragmentado	SE
<i>Turdus viscivorus</i> , xuvenil	4 – VIII	30,2	18,5	Fragmentado	E
<i>Caprimulgus europaeus</i>	11 – IX	28,5	9,5	Despexado	NE
1º <i>Crocus serotinus</i>	11 – X	28,0	6,0	Sen nubes	NE
<i>Oryctolagus cuniculus</i>	2 – XI	16,0	14,5	Cuberto	NE
Parella de Martes foína	9 – XII	9,0	2,3	Cuberto	NE

## OS FENTOS DE RIDIMOAS (III)

Continuando coa revisión dos fentos de Ridimoas chegamos ó xénero *Asplenium*, que con catro especies é o máis representado no bosque. O fento das boticas (chamado así seguramente porque foi moi apreciado na medicina popular), *Asplenium trichomanes* subsp. *quadrivalens*, frecuente en muros, diferénciase ben por ser de pequeno tamaño, xa que raramente supera os 17 cm., e ter unha fronde dividida so unha vez, coas divisóns (pinnas) de ata 12 mm de longo alternándose en dúas fileiras. As outras tres especies teñen follas moito más divididas. *Asplenium adiantum-nigrum* e *Asplenium onopteris* teñen a súa lámina (a fronde sen o pecíolo) triangular, que recorda ó fento coiro, especie moi usada en floricultura como verde para arranxos florais, diferenciándose *A. onopteris* por ter as divisóns primarias rematadas nunha punta longa e estreita de lados case paralelos (ver foto). *Asplenium billotii*, común en muros e ribazos húmidos, distínguese dos dous anteriores en que as pinnas inferiores son más curtas cás situadas algo por debaixo da metade, polo que a forma da súa lámina é lanceolada en vez de triangular.

As fenteiras ou fentos das pedras (xénero *Polypodium*), teñen a lámina das frondes de contorno más ou menos triangular, profundamente divididas unha vez (aínda que estas divisóns primarias ou pinnas soen estar unidas pola base) e dispuestas en dúas fileiras, e soros sen indusio, de redondeados a elípticos. Aparecen con frecuencia sobre troncos de arbores, muros ou pedras, mesmo a varios metros do chan, onde poden sobrevivir grazas a que os seus rizomas son capaces de desenvolverse por debaixo dos brións que medran sobre as súas superficies. *Polypodium vulgare* diferénciase de *Polypodium cambricum* en que o 1º ten as pinnas obtusas en vez de agudas e a

fronde na base é máis estreita en relación coa súa lonxitude; *P. cambricum* ten ademais nos soros unhas características estruturas filamentosas chamadas paráfises, aínda que non son visibles sen unha boa lupa. *P. interjectum*, ten características intermedias entre os dous anteriores, con pinnas normalmente agudas, unha anchura na base intermedia e non ten parafises.

E aquí finalizamos este recorrido polos fentos de Ridimoas, quince especies, dezaseis taxons se os consideramos a nivel de subespecie, un número importante e unha mostra representativa dos exemplares que podemos encontrar na comarca vitícola do Ribeiro e en xeral no noroeste da provincia de Ourense.



Planta de *Asplenium onopteris* medrando na parcela 166 do polígono 3 de Ridimoas. Texto e foto: Xusto Veloso Moreda.

CATÁLOGO DE FENTOS DE RIDIMOAS

Nome científico	Nome común	Hábitat más frecuente	Abundancia
<i>Osmunda regalis</i>	dentabrún	preto da auga penedos	común
<i>Polypodium cambricum</i> subsp <i>cambricum</i>	fento das pedras	troncos de árbores, muros	moi común
<i>Polypodium interjectum</i>	fento das pedras	muros, ribadas	común
<i>Polypodium vulgare</i>	fento das pedras	troncos, muros, ribadas	moi común
<i>Anogramma leptophila</i>		muros, ermos	común
<i>Pteridium aquilinum</i> subsp <i>aquilinum</i>	fento de chamuscar	bosques matogueiras, ermos	moi común
<i>Asplenium trichomanes</i> subsp <i>quadrivalens</i>	fento das boticas	muros, gretas dos penedos	común
<i>Asplenium billotii</i>		muros, ribadas	común
<i>Asplenium onopteris</i>		muros, ribadas	común
<i>Asplenium adiantum-nigrum</i>		muros, ribadas	común
<i>Phyllitis scolopendrium</i> subsp <i>scolopendrium</i>	lingua de cervo, cervoa	corgas sombrizas	pouco frecuente
<i>Athyrium filix-femina</i>	fento femia	preto da auga	común
<i>Dryopteris affinis</i> subsp <i>affinis</i>	fento macho	bosque caducifolio	común
<i>Dryopteris affinis</i> subsp <i>borreri</i>	fento macho	bosque caducifolio	pouco frecuente
<i>Polystichum setiferum</i>	fentalla	bosque caducifolio	común
<i>Blechnum spicant</i> subsp <i>spicant</i>	fenta	preto da auga	común

## AREEIRAS DO RÍO AVIA

Amencia o día 9 de xuño de 1992 cando seis membros da nosa asociación plantábanse diante das paleadoras da empresa “Áridos del Avia”, no mesmo intre en que empezaban a tapar con terra as grandes pozas escavadas na marxe dereita do curso baixo do río Avia, na paraxe coñecida como Areal de San Cristovo, pertencente ó concello ourensán de Ribadavia. Dous días despois o delegado provincial da Consellería de Agricultura en Ourense, Eduardo Olano Gurriarán, respaldaba a intervención do alcalde de Ribadavia, Miguel Fidalgo Areda que, con antelación, paralizara os traballos de recheo das graveiras de San Cristovo.

A extracción ilegal de áridos empezara en 1977, profundizando as máquinas no nivel freático do terreo, polo que aflorara moita auga procedente de correntes subterráneas e de filtración do propio río, dando lugar a lagoas que ían aumentando de tamaño a medida que continuaba a explotación. Esta chegara a ter unha superficie aproximada de 70.000 m<sup>2</sup>, cunha profundidade media de 4 m.

Despois da marcha das paleadoras, por un proceso natural, xerouse no biotopo, unha flora típica de lagoa e a fauna silvestre empezou a chegar, ocupando os hábitats más propicios. E así foi como os sapoconchos que antes só vivían nos remansos do río, empezaron a preferir as augas estancadas das lagoas, instalándose nelas ata o día de hoxe.

Na actualidade, as pozas de San Cristovo son un dos mellores hábitats de sapoconcho europeo en Galicia e aparecen como área prioritaria de conservación da especie, no decreto 70/2013 de 25 de abril, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Actualmente, o concello de Ribadavia, co voto favorable de tódolos grupos políticos, excepto do PSOE que se abstivo, está tramitando a declaración dun ENIL (Espazo Natural de Interese Local) como primeira medida para protexer a biodiversidade deste lugar.

A Secretaria: Paula Rodríguez.



Unha das lagoas naturalizadas nas areeiras do río Avia.  
Foto: María Carmen Rey. Data: 16 de xullo de 2019.

## IMPRESOS

Depósito Legal OU-14-2018. N.º 3  
Imprime: Gráficas Galegas.



**Asociación Cultural-Ecológica**  
**RIDIMOAS**

Asociación Cultural - Ecológica Ridimoas.  
Rúa Pateira nº 7, 32431 BEADE (Ourense)  
Tfno: 988 480 062  
[www.ridimoas.com](http://www.ridimoas.com) / e-mail: [asociacion@ridimoas.com](mailto:asociacion@ridimoas.com)  
Facebook: Asociacion Ridimoas / Twitter: @Ridimoas  
Instagram: Asociacion Ridimoas